

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 16 de novembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e cinco minutos do día dezaseis de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1221).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

**2(1222).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS. EXPTE. 5984/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 8/11/17 e o informe de fiscalización do 15/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/11/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante resolución de 04 de outubro de 2017 o Concelleiro Delegado da área de Contratación acordou iniciar o procedemento para a contratación por procedemento aberto do servizo de mediación de seguros privados.

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 3 de outubro de 2017.
- Orde de inicio de tramitación do expediente do Concelleiro Delegado da área de Contratación, de data 04 de outubro de 2017.
- Memoria xustificativa do contrato asinada pola xefa do servizo de contratación, de data 3 de novembro de 2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 19 de outubro de 2017.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 2 de novembro de 2017.
- Informe da Asesoría Xurídica, de data 8 de novembro de 2017.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 8 de febreiro de 2013 nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado da Area de Contratación, en resolución de data 04 de outubro de 2017 acordou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa do servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo, en data 8 de novembro de 2017, informe favorable ó expediente de contratación.

**Quinto.-** No artigo 109.3 do TRLCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito. No entanto, o presente contrato non xera custe económico directo para a Administración municipal por canto o Concello non aboará prezo

ningún á correduría de seguros que resulte seleccionada. Está será retribuída polas entidades aseguradoras coas que se contraten as correspondentes pólizas de seguros, que lle aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros (prima total menos impostos, recargos e taxas de Consorcio de compensación de seguros) a porcentaxe de comisión que oferte o contratista. En consecuencia, non é preciso incorporar o certificado de existencia de crédito.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP).

Á vista do exposto, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación por procedemento aberto do servizo de mediación de seguros privados, redactados pola xefa do servizo de Contratación con data 19 outubro e 2 de novembro de 2017.*

*2º. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1223).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA AS RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE DATAS 15 DE SETEMBRO E 17 DE OUTUBRO DE 2017, ADOITADAS NO EXPEDIENTE SANCIONADOR IN 635 C 2016/41-4.EXPTE. 44477/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/11/17, asinado polo xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

**1º.-** Por resolución do Xefe Territorial de Pontevedra, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 21 de febreiro de 2017, sancionouse ao Concello de Vigo con multa de 45.000 euros pola comisión dunha infracción administrativa tipificada como grave no apartado p) do artigo 33.3 do Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial (expediente sancionador nº IN 635 C-20196/41-4).

Na citada resolución requiriuse ao Concello de Vigo para que no prazo de tres meses someta as instalacións eléctricas, obxecto do expediente, a revisión por OCA e subsane as deficiencias que se detecten no prazo que estableza o organismo de control.

**2º.-** Esta resolución foi recorrida en reposición pola Administración municipal. Mediante Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria notificada ao Concello de Vigo con data 12 de abril de 2017 desestimouse este recurso.

**3º.-** En data 12 de maio de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria da data 21 de febreiro de 2017, adoitada no expediente sancionador nº IN 635 C-20196/41-4 e confirmada en reposición, que se tramita no Xulgado do contencioso-administrativo n.º 1 de Vigo (P.O núm. 184/2007).

No ámbito do procedemento que se tramita ante o Xulgado do contencioso, solicitouse por parte do letrado do Concello, como medida cautelar, a suspensión da execución do acto recorrido.

**4º.-** En data 25 de setembro de 2017, notifícase resolución de data 15 de setembro de 2017 do Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por delegación do Conselleiro de Economía Emprego e Industria pola que se impón ao Concello de Vigo unha multa coercitiva por importe de 9.000 euros, que deberá ser aboada «nos prazos e na conta que constan na carta de pago que se xunta ao quedar probado que determinadas instalacións de alumeadado público non superaron as revisións por OCA indicadas e por conseguinte non cumpriron a obriga que se lle impuxo na resolución de 21 de febreiro de 2017 desta Xefatura Territorial», multa que —dise na resolución— «será reiterada en computo mensual en tanto non se proceda a cumprir co establecido na citada resolución».

O escrito remitido a este Concello de Vigo, no que figura a resolución pola que se impón a multa coercitiva, non contén as indicacións que sinala o artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACA), isto é, se a resolución pon fin ou non á vía administrativa; os recursos que proceden, no seu caso, en vía administrativa e xudicial contra ela, órgano ante o que houberan de presentarse e prazo para a súa interposición.

**5º.-** En data 23 de outubro de 2017, notifícase resolución do Xefe Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por delegación do Conselleiro de Economía Emprego e Industria de data 17 de outubro de 2017 pola que se impón unha segunda multa coercitiva por importe de 9.000 euros ao Concello de Vigo, que se comunica nos mesmos términos que a descrita no punto anterior.

Que analizadas as devanditas resolucións e aos efectos de decidir sobre a impugnación ou non das mesmas cómpre realizar as seguintes

## **CONSIDERACIÓNS**

### **1º.- Sobre os defectos formais na imposición das multas coercitivas**

Os escritos remitidos a este Concello de Vigo, nos que figuran as resolucións polas que se impón dous multas coercitivas de 9.000 euros cada unha, non conteñen as indicacións que se sinalan no artigo 40 da LPACA.

En concreto, o artigo 40 establece que “Toda notificación (...) deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de si pon fin o non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houberan de presentarse e o prazo para interpoñelos, sen perxucio de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente”.

Nas devanditas resolucións nas que se impoñen as multas coercitivas ao Concello de Vigo non se indica se as mesmas poñen fin ou non á vía administrativa, nin os recursos que proceden no seu caso fronte as mesmas, o que determina unha flagrante vulneración do precepto exposto.

Cumple tamén facer referencia aquí ao apartado terceiro do referido artigo 40 da LPACA que dispón que as notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos demais requisitos previstos, surtirán efecto a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou interpoñan calquer recurso que proceda. Polo tanto, no presente caso, á vista dos defectos formais expostos que se atopan nas dúas resolucións polas que se impón multas coercitivas ao Concello, debemos entender que as mesmas surtirán efecto dende que se realicen actuacións- como a interposición do correspondente recurso – que impliquen o recoñecemento das mesmas. Esta circunstancia determina que estamos en prazo para interpoñer o correspondente recurso fronte a primeira multa coercitiva, que tivo entrada no Concello de Vigo con data 25 de setembro de 2017.

Por último, e no que respecta especificamente a segunda multa coercitiva, compre facer referencia a inobservancia dun lapso mínimo de tempo con respecto a primeira que permita lograr o cumprimento do ordenado, que enténdese debe ser o fin perseguido pola multa coercitiva xa que debemos recordar que as multas coercitivas non se fundamentan en criterio sancionatorio algún.

En concreto, a resolución da primeira multa coercitiva, que ten data de saída do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia de 18/9/2017 e data de entrada no Concello de Vigo **25/9/2017**, dispón que *“esta multa será reiterada en cómputo mensual en tanto non se proceda a cumprir co establecido na citada resolución”*. Sen embargo, incumprindo o devandito lapso mínimo dun mes, a segunda multa coercitiva ten data de saída do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia de data 17/10/2017 e data de entrada no Concello de Vigo con data **23/10/2017**. De acordo co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, a Administración autonómica poderá proceder á imposición de multas coercitivas, reiterables **por lapsos de tempo suficientes para o cumprimento da resolución**. O tempo entre as dúas resolucións -inferior a un mes- é manifestamente insuficiente para o cumprimento da resolución, atendendo a evidente complexidade do asunto.

Neste sentido, resulta ilustrativa a Sentencia do tribunal Superior de Xustiza de Castilla e León de data 25 de outubro de 2016 que dispón:

*“esa periodicidad mínima, suficiente para cumplir lo ordenado artículo 99 de la Ley 30/1992 de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común), no es un simple requisito formal sino un elemento esencial o presupuesto sustantivo del medio de ejecución de que se trata, dos, que por consiguiente y frente a la tesis del Juzgado a quo es del todo irrelevante que se le haya o no causado indefensión a la parte actora, dato que importa cuando lo producido son defectos de forma artículo 63.2 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre ) y no cuando como es el caso la vulneración del ordenamiento jurídico afecta a requisitos de carácter material o sustantivo(...)”*

En fin, como resumo do exposto, cabe concluír indicando que concorren irregularidades formais e no que respecta a segunda multa coercitiva, tamén substantivas, que determinan a falta de conformidade a dereito das mesmas.

## 2º.- A falta de resolución sobre a suspensión cautelar instada no ámbito do P.O. 184/2017

No escrito de demanda presentado no ámbito do P.O. 184/2017, que se tramita ante Xulgado do contencioso-administrativo n.º 1 de Vigo solicitouse a suspensión da execución do acto recorrido como medida cautelar axeitada por se tratar dunha sanción económica e ser tanto a parte demandante como a demandada administracións públicas territoriais. Solicitude que a data de hoxe non foi resolta por parte do referido Xulgado.

A falta de resolución da referida solicitude, determina a improcedencia de que a Consellería de Economía Emprego e Industria Xunta de Galicia inicie a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas.

Neste sentido, debemos subliñar, segundo unha reiterada doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo -entre outras, na Sentencia de data 2 de marzo de 2016 (Recurso 4100/2015)- que "**o sistema cautelar representa un instrumento axeitado para a prestación da tutela xurisdiccional, facendo posible que a prerrogativa da executividade dos actos administrativos ceda ante as esixencias constitucionais cando concorren determinadas circunstancias, evitando unha diminución na efectividade da tutela xudicial mediante a adopción por parte dos xuíces das medidas imprescindibles para asegurar, no seu caso, a eficacia do pronunciamento futuro que poida recaer, trátase de evitar que o futuro fallo favorable devese inútil pola produción previa de situacións irreversibles e contrarias ao dereito.**".

Ademais, esta mesma xurisprudencia do Tribunal Supremo considera que nos casos nos que existe unha solicitude de medida cautelar de suspensión, como sucede no presente suposto, os actos administrativos enténdese suspendidos en tanto non exista pronunciamento por parte do órgano competente sobre a referida petición. Así a Sentencia do Tribunal Supremo de 28 de abril de 2014 da Sala do Contencioso-administrativo - Sección 2ª (Recurso 4900/2011), establece que "**A nosa xurisprudencia [pódense consultar as sentencias de 6 de marzo de 2000 (casación 3986/95 , FF.JJ. 3º a 6º); 7 de marzo de 2005 (Pleno, casación 715/99 , FJ 5º); 14 de abril de 2005 (casación 1829/00, FF.JJ. 3 º e 4º); 29 de abril de 2005 (casación 4534/00 , FJ 4º); 16 de marzo de 2006 (casación 7705/00 , FJ 4º); 29 de abril de 2008 (casación 6800/02 , FJ 3º); 15 de xuño de 2009 (casación 3474/03 . FJ 4º); e 27 de decembro de 2010 (casación 182/07, FJ 3º), entre outras] sostén que a Administración non pode iniciar a vía executiva en tanto a decisión sobre a suspensión penda dos órganos económico- administrativos. O mesmo cabe dicir nos supostos nos que a solicitude de suspensión se produza en vía xudicial. A posibilidade de que a Administración tributaria dite providencia de apremio sobre unha liquidación impugnada na vía económico- administrativa (e con maior motivo si o foi na xurisdiccional), e respecto da cal se solicitou a suspensión da execución, sen haber resolto sobre esa suspensión conculca os artigos 9 , 24.1 e 106.1 da Constitución, contravindo a seguridade xurídica, o dereito á tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión, así como o sometemento da actividade administrativa ao control de legalidade".(...). "Por iso, o control xudicial da actividade administrativa que proclama o artigo 106.1 da Constitución e a tutela cautelar, que se integra na garantía para obter a protección xurisdiccional dos dereitos e intereses lexítimos, consagrada no artigo 24.1 do texto fundamental, resultarían burlados se a Administración puidese adoptar acordos de execución dun acto cuxa suspensión cautelar foi interesada sen antes pronunciarse sobre a mesma".**

En definitiva, no presente caso non procede a execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas da resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mentres se atope pendente de resolver a solicitude de suspensión cautelar instada polo Concello en vía contenciosa-administrativa.

### **3º.- Sobre a execución de actuacións procedentes para que as instalacións eléctricas do alumeadado público cumpran coas condicións esixidas polo regulamento aplicable.**

Con independencia de que os motivos formais e substantivos expostos determinan a improcedencia da execución forzosa da resolución mediante a imposición de multas coercitivas, cómpre aclarar que por parte deste Concello estanse a tramitar as correspondentes actuacións co fin de que as instalacións eléctricas do alumeadado público cumpran coas condicións esixidas polo regulamento aplicable.

En consecuencia, si ben o artigo 35 da Lei 13/2015, de 24 de decembro de 2015, de medidas fiscais e administrativas, prevé a execución forzosa en materia de seguridade industrial e no sector enerxético, esta posibilidade non resulta de aplicación no presente suposto, xa que dende que se iniciou a tramitación do expediente sancionador de referencia, o persoal do Concello procedeu a realizar as labores necesarias para someter as instalacións eléctricas do alumeadado público a normativa aplicable.

Así, consta no expediente o informe emitido na data 24/03/2017 pola Enxeñeira Técnica Municipal, en relación ao estado das instalacións de iluminación pública así como do grado de execución da planificación a seguir para o cumprimento do REBT, e a conseguinte execución da obriga de someter ás instalacións eléctricas á oportuna revisión por OCA. No citado informe, indícase que a maioría das instalacións pasaron a inspección regulamentaria, detectándose algunhas con resultado condicionado, para as que se outorgou un prazo de 6 meses para a subsanación dos defectos detectados, que se están a subsanar na actualidade.

Actualmente, tal e como indica o informe da Enxeñeira Técnica Municipal de data 20 de outubro de 2017 continuase avanzando na subsanación das irregularidades detectadas, así como na substitución das lámpadas de vapor de mercurio para a súa posterior inspección, dando cumprimento a citada resolución sancionadora, pero compre destacar, tal e como pon de manifesto no citado informe, que moitas das actuacións previstas están incluídas en ámbitos afectados polo réxime de protección arqueolóxica ou requiren de autorizacións sectoriais previas de distintas administracións, o que esta a xerar retrasos na súa tramitación axeos as competencias do propio Concello.

En concreto, no devandito informe, afirmase que:

*“A día de hoxe das 565 instalacións con potencia  $P > 5kW$ , os resultados son:*

*1) Pasaron a inspección regulamentaria 347 centros de mando*

- 102 obtiveron un resultado favorable*

- Das 245 con resultado condicionado:*

  - 32 Se corrigiron e pasaron a inspección entre maio e agosto.*

  - 223 teñen resultado negativo. Na actualidade estase traballando na corrección dos defectos destas instalacións para poder obter tamén o resultado favorable.*

*Dos 245 centros de mando, e tomando como referencia as 100 primeiras constátase:*

- Un 20% están afectadas por proteccións arqueolóxicas. Como en moitas delas hai que realizar escavacións precísase un Proxecto marco de obra civil, dous proxectos marco de control arqueolóxico, un do Casco Vello de Vigo e outro das zonas afectadas fora do Casco Vello.*

*Estes proxectos foron presentados na Consellería de Patrimonio, obténdose as aprobacións nas datas: 23/08/2017, 21/09/2017 e 28/09/2017. Polo que anteriormente a esta data non se puido realizar ningunha escavación para a corrección de defectos.*

- *Mais dun 20% están afectadas por outras titularidades. Como en moitas delas hai que realizar escavacións precísase aprobación previa do titular. Por este motivo foron presentadas solicitudes de autorización a: Porto de Vigo, Ministerio de Fomento, Deputación de Pontevedra, Consellería de Infraestruturas e Consellería de Medio Ambiente, expoñendo que eran para reparacións e melloras nas instalacións de iluminación pública. Dende a Consellería de Infraestruturas e de Medio Ambiente nos piden proxecto das actuacións a realizar, o que nos obriga a volver a presentar varias solicitudes acompañadas do proxectos correspondentes.*

- *Outros motivos que provocan o atraso na corrección dos defectos nas instalacións son: maleza abundante ou poda de polas en terreos privados.*

*Por este motivo, e con data 12-05-2017, se solicita unha ampliación do prazo, obténdose como resposta da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que non pode ampliar por non ter competencia para elo”.*

En conclusión, tal e como se recolle neste informe, o Concello está realizando os traballos necesarios para adecuación das instalacións de iluminación pública nos termos establecidos na normativa aplicable que permitan pasar favorablemente a inspección do Organismo de Control Autorizado da cidade de Vigo, polo que resulta inconsecuente coa realidade xurídica o inicio dunha execución forzosa fronte ao Concello; execución forzosa que debería estar reservada exclusivamente para aqueles casos nos que existe unha inacción evidente do obrigado ante as resolucións da Administración autonómica, tendo en conta ademais que a remoción de moitos dos obstáculos que impiden pasar ao recoñecemento por OCA favorablemente ou para subsanar deficiencias detectadas nos recoñecementos das instalacións de alumeadado municipal penden de Administracións sectoriais e incluso da Administración da Comunidade Autónoma sancionante.

#### **4º.- Sobre a ausencia de proporcionalidade na imposición das multas coercitivas.**

A aplicación ao procedemento de execución forzosa do principio de proporcionalidade, segundo se establece no artigo 100.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións, determina a necesidade de xustificar o importe das multas atendendo as circunstancias do caso e que as mesmas en ningún caso poidan considerarse desproporcionadas.

O artigo 35 do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industria, establece que a Administración autonómica poderá proceder, previo apercibimento, á imposición de multas coercitivas, reiterables por lapsos de tempo suficientes para o cumprimento da resolución ata lograr a súa execución en contía de 1.000 a 25.000 euros cada una, e o artigo 37 do mesmo texto dispón que a contía de cada unha das ditas multas non poderá superar o 20% da sanción fixada para a infracción correspondente.

No presente caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria impón dúas multas coercitivas, fixando a contía das mesmas en 9.000 euros, isto é, na contía máxima que cabe impoñer, sen motivar os argumentos nos que se ampara para fixar este importe e cun descoñecemento flagrante do principio de proporcionalidade, habida conta a decidida actuación municipal de dar perfecto cumprimento, no prazo máis breve posible, a obriga de someter a comprobación por OCA tódalas instalacións municipais de alumeadado que aínda restan por pasar tal comprobación.



Neste sentido, o Tribunal Supremo, nunha reiterada xurisprudencia, considera que o **principio de proporcionalidade debe ser tomado en consideración en toda actuación administrativa e de modo específico na imposición das multas coercitivas**, pois nesta materia «*o finalismo (sic) do acto non pode quedar desvinculado en ningún momento da súa causa e dos orzamentos de feito que o determinan*», o que leva a reducir o importe da multa cando sexa desproporcionado (STS de 10-7-1984, considerando 12.º)».

Pola súa banda, a mesma doutrina sinala que a execución forzosa dos actos administrativos debe efectuarse respectando o devandito principio, sen que se advirta, doutro lado, que o mesmo sexa incompatible co principio de eficacia co que, segundo a xurisprudencia está engarzada a potestade de autotutela executiva e especificamente a multa coercitiva (STS de 12-6-2013, fundamento de dereito 3.º).

Polo anteriormente exposto, considerase desproporcionada a imposición de dous multas coercitivas por un importe de 9.000 euros, cada unha, nun prazo de menos de un mes para a execución forzosa da obriga de someter a inspección por OCA as instalacións de alumado público municipal que aínda restan por pasar tal inspección .

#### **5º.- Petición de redución substancial supletoria**

En fin, entendemos que, polos argumentos expostos, non procede a imposición ao Concello de Vigo de ningunha das multas coercitivas de que tratamos, pero, en calquera caso, ante eses mesmos argumentos e en ausencia de motivación ou xustificación dos motivos para a imposición das ditas multas no seu grado máximo, entendemos que de impoñerse as mesmas o seu importe debería ser o mínimo legalmente previsto.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

Interpoñer recurso de reposición contra as resolucións do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, de datas 15 de setembro e 17 de outubro de 2017, mediante as cales se impoñen as referidas multas coercitivas no ámbito do expediente sancionador IN 635 C 2016/41-4., solicitando a anulación das mesmas e, subsidiariamente, a súa redución ao importe mínimo legalmente establecido, fixando para a súa reiteración o prazo que permita razoablemente someter a comprobación por OCA o conxunto das instalacións eléctricas municipais, que aínda non a pasaron, tomando, ademais, en consideración que en moitos casos tales comprobacións están suxeitas a autorizacións sectoriais, cuxa obtención se produce en prazos de tempo, cuxas dilacións son alleas á Administración municipal sancionada.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1224).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE DISEÑO E PRODUCCIÓN DE CINCO CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2018. EXPTE. 7148/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 14/11/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 14 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada e admitida, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
CA TOTALITY GROUP, S.L.U.	86 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA TOTALITY GROUP, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**5(1225).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE DE SKATEBOARD, BMX E ROLLER VERT WALL NO PARQUE DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 9683/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 18/10/17 e o informe de fiscalización do 15/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado polo xefe do Servizo e Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante resolución de 2 de agosto de 2017, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto, as obras de construción dun parque de skateboard, BMX e Roller Vert Wall no parque de San Paio de Navia.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 28 de xullo de 2017, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- Resolución do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, de data 2 de agosto de 2017, pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 08 de agosto de 2017, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 09 de agosto de 2017.  
Os puntos 4, 8 e 9 da memoria xustificativa foron modificados en data 24 de agosto de 2017, redactándose unha nova memoria xustificativa; en data 28 de setembro de 2017, deuse unha nova redacción ao apartado 8B e, en data 09 de outubro de 2017, foron modificados os puntos 3.1, 3.2 e 4, redactándose unha nova memoria xustificativa.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), documento nº 3 do proxecto redactado polo enxeñeiro, don Santiago N. López Fontán, de data novembro de 2016, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 20 de abril de 2017 (expte. 9283/446).
- Acta de replanteo, asinada polo redactor do proxecto en data 2 de agosto de 2017.

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación, de data 25 de agosto de 2017, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación, con data 25 de agosto de 2017, modificado polos pregos de cláusulas administrativas particulares, de datas 29 de setembro de 2017 e 16 de outubro de 2017, que recolle as modificacións introducidas na memoria xustificativa de data 09 de outubro de 2017.
- Informe favorable ao expediente de contratación, asinado pola letrada-xefa do Servizo de Asesoramento e co conforme da titular da Asesoría Xurídica, de data 5 de setembro de 2017 e informe favorable ás modificacións introducidas na memoria xustificativa e no prego de cláusulas administrativas particulares, de datas 04 de outubro de 2017 e 18 de outubro de 2017, asinado pola letrada-xefa do Servizo de Asesoramento da Asesoría Xurídica.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do texto refundido da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Parques e Xardíns, en resolución de 2 de agosto de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, documento núm. 3 do proxecto redactado polo enxeñeiro, don Santiago N. López Fontán, de data novembro de 2016, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 20 de abril de 2017 (expte. 9283/446), e o prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do TRLCSP, en relación coa disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, no artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo emitiu informe favorable ao expediente de contratación, en datas 5 de setembro de 2017, 4 de outubro de 2017 e 18 de outubro de 2017.

**Quinto.-** O artigo 109.3 e o apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de

contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto das obras de construción dun parque de skateboard, BMX e Roller Vert Wall no parque de San Paio de Navia que se dispón da seguinte maneira:

O gasto impútase á partida **1710.6090002 “Parque Skate en Navia”**, en aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016, cun importe de **300.000,00 €**.

2º Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto de obras de construción dun parque de skateboard, BMX e Roller Vert Wall no parque de San Paio de Navia**, segundo o proxecto contratado no expediente 9283/446, redactado polo enxeñeiro, don Santiago López Fontán, de data novembro 2016, no que obra o Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen o concurso, así como **aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por este procedemento**, asinado en data 16 de outubro de 2017.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(1226).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 9385/446.**

Visto o informe de fiscalización de data 15/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/17 asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 14 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)

## ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados polo enxeñeiro industrial municipal e o xefe da Área de Servizos Xerais o 25 de outubro de 2017:*

1. JARDINCELAS, S.L.
2. PROYECON GALICIA, S.A.
3. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
4. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) na seguinte orde descendente:*

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	98,95
ELSAMEX, S.A.U.	97,19
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	91,75
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,29
ORESA, S.L.	90,87
ACTIVIDADES DE INFRAESTRUCTURAS PÚBLICAS Y CONSERVACIÓN, S.L.	90,25
EULEN, S.A.	89,82
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	87,21
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	84,14
UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	82,31
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	80,63
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	77,66
UTE ENSAYOS, LABORATORIOS Y CONSTRUCCIÓN, S.L. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	73,74
UTE ACEVI – ALVAC, S.A.	73,41
CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	72,02
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	68,33
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	64,03

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
ORECO, S.A.	57,86
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	57,16
CIVIS GLOBAL, S.L.	26,46

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 968,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., o día 31 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de novembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 27 de outubro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 569.027,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 98.756,92 euros.*
- b) Propón unha redución no prazo de execución das obras de 120 días.*
- c) Propón un incremento na garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1227).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE NO HOTEL SAMIL. EXPTE. 19990/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada con data 14/11/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 14 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### **10.- Propostas de clasificación**

a) Procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación do servizo de vixilancia de seguridade no Hotel Samil (19.990-240) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN
ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **8(1228).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS. EXPTE. 4051/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9/11/17 e o informe de fiscalización do 15/11/17, dáse conta do informe-proposta do 9/11/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais, a xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local de data 12 de agosto de 2016 acordou aprobar o proxecto de obras “*Reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos*” de data xullo de 2016, redactado polos Enxeñeiros Municipais, D. Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos, e D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da Edificación, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído é de SEIS MILLÓNS SETECENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (6.777.293,55€)”

2.- A Xunta de Goberno Local en data 05/12/2016 acordou: “Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440) por un prezo total total do contrato é de 5.529.700,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 959.700,00 euros. En data 07.02.2017 formalízase o devandito contrato

3.- Con data 5 de decembro de 2016, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda nomear dirección facultativa da obra ao enxeñeiro de camiños, canais e portos municipais D. Jerónimo Centrón Castaños e ao Enxeñeiro da Edificación D. Aurelio Adán Fernández.

4.- Con data 4 de agosto de 2017, a Dirección facultativa da obra, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente administrativo para a modificación do PROXECTO DE REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS, polos motivos expostos no escrito de solicitude de autorización para a redacción do proxecto modificado.

5.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de agosto de 2017 acordou "Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "Reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos" de data xullo de 2016, redactado polos Enxeñeiros Municipais, D. Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos, e D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da Edificación".

6.- Por parte dos enxeñeiros municipais D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Aurelio Adán Fernández redáctase proxecto modificado nº 1 das obras de "Reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos" de data xullo de 2016, redactado polos Enxeñeiros Municipais"

7º.- Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 16.10.2017 no seguinte sentido:

"ASUNTO: INFORME DE XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE "REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS

#### **I-ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local de data 12 de agosto de 2016 acordou aprobar o proxecto de obras "Reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos" de data xullo de 2016, redactado polos Enxeñeiros Municipais, D. Jerónimo Centrón Castaños, Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos, e D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da Edificación, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído é de SEIS MILLÓNS SETECENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (6.777.293,55€)"

2.- A Xunta de Goberno Local en data 05/12/2016 acordou: "Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA, o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 5.529.700,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 959.700,00 euros.
- b) O prazo de garantía increméntase en 8 semestres (48 meses), polo que o prazo total é de 60 meses.
- c) Comprométese a achegar as seguintes melloras:
  - Mellora de colocación de asentos na Grada de Río Alto
  - Mellora accesibilidade a zona inferior Grada de Río
  - Mellora rede separativa contigua a Grada de Río

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

3.- Na mesma sesión de data 5 de decembro de 2016, acordouse:

*"Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de "Reforma da Grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos" (Expte. 4051/440) ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e ao Enxeñeiro da Edificación, D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ".*

4.- Con data 7 de febreiro de 2017 formalizase o contrato das obras de "Reforma de cuberta e grada de tribuna do Estado de Balaídos. Fase II" entre o Concello de Vigo e S.A de Obras y Servicios Copasa.

5.- Con data 14 de febreiro de 2017 fírmase a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO, dando comezo as obras ao día seguinte.

6.- Con data 4 de agosto de 2017, a Dirección facultativa da obra, co conforme do Responsable do contrato, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto "OBRAS DE REFORMA DA GRADA DE RIO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS", para a redacción do MODIFICADO nº 1 do "OBRAS DE REFORMA DA GRADA DE RIO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS", xa que se detectan tralo comezo das obras unha serie de circunstancias, que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas inicialmente. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 10 de agosto de 2017, acordou:

*"Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras "OBRAS DE REFORMA DA GRADA DE RIO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIIDOS".*

O desenvolvemento das obras contratadas e o coñecemento da realidade das especificacións do ámbito de actuación e dos elementos sobre os que se actúa na presente obra, reflicten unha serie de condicionantes que obrigan a xenerar novas unidades ou modificar as existentes para conseguir os obxectivos de prestacións establecidos dende o proxecto.

Neste sentido presentase o presente Proxecto Modificado nº 1 que describe de forma detallada os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade existente tendo en conta as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade e de acordo coas circunstancias descritas no PCAP que rexe a contratación das obras, como aos cambios de escaso alcance necesarios para adecuar este as especificacións de maior seguridade que protexan as gradas contiguas.

## **II- MODIFICACIONES.**

### **1) INCREMENTO DA ACCIÓN DO VENTO NOS LATERAIS DA MALLA CUBERTA E REPERCUSIÓN NO REFORZO DE PÓRTICOS E ESTRUCTURA DE FACHADA.**

O proxecto da renovación da cuberta redáctase seguindo as directrices da normativa vixente, Código Técnico da Edificación, onde se indican unhas cargas de vento en función da localización do proxecto. Os valores seleccionados son os correspondentes a unha zona IV (Zona urbana en xeral, industrial ou forestal) aos que se axusta perfectamente o enclave onde está situado o estadio de Balaidos, sendo esta a hipótesis que a boa práctica profesional recomenda para o cálculo da presente estrutura.

Trala aprobación do proxecto en XGL e xa en fase de replanteo da obra, durante un fin de semana do mes de febreiro no transcurso dun temporal de inverno, detéctanse fallos e roturas na cuberta de Río do Estadio no lateral próximo a grada de Gol, que obrigan a suspender as actividades no Estadio e polo menos un partido da liga do Celta de Vigo. Estes problemas sucedidos a posteriori da licitación do proxecto recomandan un estudo máis exhaustivo da problemática detectada para maior rigurosidade e evitar que esa circunstancia poida afectar á seguridade global da cuberta a instalar.

Como parte dos traballos de control de calidade, a empresa adxudicataria realizou ensaios de túnel de vento para verificar os valores indicados na normativa vixente e que foron recollidos en proxecto. Os resultados do

ensaio en túnel de vento revelan que os coeficientes de presión indicados na normativa vixente, e recollidos no proxecto, son insuficientes desde o punto de vista da seguridade estrutural para este proxecto en concreto, confirmando as deficiencias observadas nos temporais do presente inverno.

Como resumo das verificacións realizadas, se indica que para o cálculo da acción do vento sobre unha estrutura hanse de determinar varios parámetros:

Velocidade do vento na zona. O valor indicado na normativa é de 27 m/s correspondente cunha zona B de vento, onde se atopa situado todo o termo municipal de Vigo. Con esta velocidade do vento determínase a presión dinámica do vento, polo que o seu valor unicamente depende da situación da obra. Este parámetro non foi analizado no túnel de vento, adoptándose os valores indicados previamente na normativa.

Coeficiente de exposición (ce): este parámetro é un coeficiente que engloba a afección da contorna e a altitude da exposición: canto máis aberto é a contorna, maior é este coeficiente, e canto máis alto é o punto de observación, maior é este coeficiente.

Coeficiente eólico ou aerodinámico (cp): este coeficiente depende unicamente da forma do obxecto onde se quere analizar a presión do vento, e correspóndese coa maior ou menor aerodinámica do obxecto.

Os ensaios de túnel de vento realizados determinan estes dous últimos coeficientes conxuntamente. É dicir, indican os valores correspondentes a  $ce \cdot cp$ .

Segundo a normativa vixente, os valores destes coeficientes que deben ser adoptados no presente proxecto ascenden a:

$C_e = 1.7$ , correspondente a unha altura de 9 metros nunha zona urbana en xeral industrial ou forestal (zona tipo IV).

$C_p = 2.1$ , correspondente a marquesiñas obstruídas.

Estes dous valores producen un coeficiente global de 3.57, que se comparou cos coeficientes obtidos do túnel de vento.

O ensaio do túnel de vento obtivo combinados os coeficientes de exposición e aerodinámico. Estes valores mídense cun nivel de confianza superior ao 95% e ascenden a un valor de case 4 nalgúns zonas da cuberta, principalmente nos laterais desta, cando este valor segundo a normativa debería de ser inferior a 3.57 tal e como se indicou anteriormente. Isto supón un incremento da acción do vento do 13%, debido a peculiaridade da ubicación da grada de Río, respecto os volumenes edificatarios cercanos.

Como consecuencia dos ensaios anteriores, e dado que as cargas reais son superiores ás indicadas na normativa e polo tanto as recollidas no proxecto, reanalizaronse tódolos puntos da cuberta que se poideran ver afectados:

**Barras e nós da cuberta:** ao ter maiores esforzos de vento, os esforzos sobre as barras e nós da cuberta aumentan, sendo necesario reestudar os espesores dos elementos nalgúns posicións. Os valores obtidos nos novos cálculos arrojan valores sensiblemente iguais aos recollidos no proxecto orixinal como se xustifica no anexo "MEMORIA DE CÁLCULO DA CUBERTA DA GRADA DE RÍO" do presente modificado nº1, polo que se mantén o deseño de estrutura de cuberta do proxecto orixinal.

Elementos de conexión cuberta-estrutura existente: Recalculáronse os elementos deseñados como conexión entre cuberta e a estrutura existente manténdose o dimensionamento similar ao orixinal.

**Reforzo da estrutura existente:** o deseño dos reforzos dos pórticos existente de formigón foron revisados de acordo coas consideracións anteriores. Despois dos recálculos aplicando as novas accións, recollidos no anexo "MEMORIA DE CÁLCULO DO REFORZO ESTRUCTURAL" do presente modificado nº1, obtívose unha modificación do consistente en incrementar a capacidade resistente do pórtico mediante pletinas metálicas exteriores, conectadas a estrutura existente con pasadores perpendiculares ao plano do pórtico con apoio fixo no pilar exterior nos catro pórticos centrais e un apoio deslizante nos demais pórticos. No pilar interior, en todos os pórticos o apoio é deslizante mediante biela que transmite solo esforzos axiais. Presentase documentación gráfica no documento de planos do modificado nº 1, no apartado de "Reforzo estrutura de formigón".

**Sub-estrutura de fachada:** este incremento de cargas na cuberta non só afecta á cuberta, afectando tamén as fachadas, aumentando os requirimentos sobre as correas e os seus apoios que foi necesario polo tanto comprobar. Recollense os cálculos no anexo "MEMORIA DE CÁLCULO DA SUB-ESTRUCTURA DE FACHADA" da modificación da sub-estrutura, consistente de pórticos metálicos conformados por perfís laminados, fixados

mecánicamente a estrutura de formigón dos 22 pórticos existentes, además da construción de 21 pórticos intermedios fixados a estrutura existente, co obxecto de reducir as luces de apoio das correas metálicas soporte da chapa de cuberta a instalar, como se recolle no documento de planos do proxecto modificado nº 1, no apartado de "Sub-estrutura de fachada".

As modificacións propostas neste ámbito relativas ao reforzo e a sub-estrutura teñen a súa xustificación na necesidade de axustarse as circunstancias medioambientais postas de manifesto con posterioridade a aprobación do proxecto, e non previsibles aplicando toda a dilixencia requerida de acordo a boa práctica profesional na redacción das especificacións técnicas, que afectan a seguridade da cubrición da grada e da fachada, contemplados no apartado b) do artigo 107 do TRLCSP, e queda técnica e explicada que se limita a introducción das variacións estritamente indispensables para responder as causas obxetivas que as fan necesarias.

En calquera dos casos a actual proposta de modificación enténdese xustificada xa que a mesma, de maneira global responde a unha actuación de interese público en relación dita actuación, e por outro lado, debemos indicar que é evidente que esta proposta de modificación non altera as condicións esenciais do contrato, de acordo co estipulado no artigo 107.3 do TRLCSP.

## 2) MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DO PECHE INFERIOR DA FACHADA DA GRADA DE RÍO E REMATE DESTA NO ACCESO A GRADA.

*Con posterioridade a aprobación do presente proxecto de reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaidos, aprobouse o modificado n.º 1 da obra da grada de Tribuna do mesmo Estadio, que adaptou as condicións do remate da fachada desta grada para axustarse a realidade xeométrica do encontro da beirarrúa existente coa edificación e evitando a bandalización incorporando un panel composite a modo de falso teito que remata sobre a fachada existente. Considerase adecuado manter o criterio empregado para a grada de Tribuna na grada de Río actualmente en execución.*

*O desenvolvemento desta nova proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c).3 das Follas de Especificación do Contrato (FEC): "Necesidades de adaptación ao entorno e ao resto de gradas, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto". Neste sentido se plantexan, como se recolle no artigo 15.b) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: "as unidades relacionadas co acondicionamento xeral, cubertas e fachadas da grada de Río".*

## 3) DESCUBRIMENTO DO ESTADO ADECUADO DA ESTRUCTURA EXISTENTE DA CUBERTA DO PABELLÓN

Ao comenzo a execución da unidade de obra de saneo da estrutura existente da cuberta do Pabellón, detectouse que a estrutura estaba en mellor estado do esperado segundo a análise realizada a altura de pista para a redacción do proxecto. Como se informa no anexo "Xustificación técnica da cuberta do pabellón" recollido no presente modificado nº1 e firmado pola asistencia técnica a dirección facultativa contratada polo Concello de Vigo para a execución da presente obra, tralos cálculos realizados e as comprobacións, non se considera necesario o reforzo da citada estrutura.

O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c).1 das Follas de Especificación do Contrato (FEC): "redución da seguridade na execución das unidades referentes a cubertas e fachada por aparición das chamadas patoloxías ocultas na estrutura de formigón (por exemplo coqueiras ou danos en apoios) non detectadas nos mostreos da fase de redacción de proxecto", pola inexistencia da patoloxía prevista na estrutura da cuberta do pavillón que xustificaba as unidades de obra para este reforzo, como no artigo 107.1.b) TRLCSP en tanto que a innecesariedade do reforzo pónse de manifesto despois da adxudicación do contrato, unha vez iniciadas as obras sobre a estrutura, que posibilitaron o seu recoñecemento

exhaustivo, sen que fora posible ata ese momento apreciar a innecesariedade do reforzo e aconsellar a boa práctica profesional a contemplación da necesidade do reforzo.

#### 4) *DESCUBRIMENTO DO MAL ESTADO DAS REDES DE SANEAMENTO XERAIS EXISTENTES NON PREVISTAS RENOVAR EN PROXECTO.*

Ao comezar a demolición e quedar ao descuberto certas redes e revisar en profundidade a instalación existente, observouse que as tubaxes xerais (baixantes) tanto de augas residuais como augas pluviais atópanse en mal estado, co material cristalizado, debido a que son tubaxes bastante antigas (a maioría de máis de 30 anos de antigüidade) coa súa vida útil practicamente esgotada o cal non se poido comprobar na fase de redacción ao encontrarse estas parcialmente ocultas e revestidas.

Por iso, se considera necesario proceder ao seu substitución, o cal implica que se debe realizar o dimensionamiento conforme á normativa vixente (DB-HS5 do Código Técnico da Edificación) de toda a rede a substituír.

O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c).2 das Follas de Especificación do Contrato (FEC): *“Que no ambito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de proteccion arqueoloxica, condicións xeotecnica distintas das recollidas no proxecto.”*, xa que trala fase de recoñecemento exhaustivo apareceron redes de saneamento en pésimas condicións de conservación, que demanda a necesidade da súa substitución e polo tanto de incluír novas unidades de obra non previstas no proxecto para a renovación de redes. Neste sentido se plantexan, como se recolle no artigo 15.b) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: *“as unidades relacionadas co acondicionamento xeral, cubertas e fachadas da grada de Río”*.

#### 5) *DESCUBRIMENTO DO MAL ESTADO DAS INSTALACIÓNS DE FONTANERÍA EXISTENTES NON PREVISTAS RENOVAR EN PROXECTO.*

Ao comezar a demolición e descubrimento das redes ocultas e análise en profundidade da instalación existente a manter, observouse que existen tramos de tubaxes xerais en aceiro negro, que se atopan en mal estado e poderían ocasionar avarías ou fugas a curto prazo, co consecuente risco de deterioración dos diferentes elementos da edificación, o que non se poido comprobar na fase de redacción ao encontrarse estas parcialmente embutidas nos forxados e estrutura existente.

Por iso, considerase necesario realizar a renovación e un novo redeseño das tubaxes de distribución de auga, o cal debe realizarse seguindo os criterios indicados na normativa vixente (DB-HS4 do Código Técnico da Edificación) e realizar a alimentación mediante sistema de fluxores, o cal permitirá un aforro no consumo de auga.

O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c).2 das Follas de Especificación do Contrato (FEC): *“Que no ambito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de proteccion arqueoloxica, condicións xeotecnica distintas das recollidas no proxecto.”*, xa que trala fase de recoñecemento exhaustivo apareceron redes de fontanería en pésimas condicións de conservación, que demanda a necesidade da súa substitución e polo tanto de incluír novas unidades de obra non previstas no proxecto para a renovación de redes. Neste sentido se plantexan, como se recolle no artigo 15.b) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: *“as unidades relacionadas co acondicionamento xeral, cubertas e fachadas da grada de Río”*.

#### 6) *DISTRIBUCIÓN DESORDENADA E DESCOÑECIDA DE REDES ELÉCTRICAS DE ALIMENTACIÓN E DE COMUNICACIÓN EXISTENTES.*

Ao desmontar a cuberta existente e revisar en profundidade as instalacións eléctricas de alimentación e comunicacións existentes, detectanse que as instalacións eléctricas e de comunicacións existente resulta caótica, algunhas obsoletas, outras sen servizo ou sen proteccións adecuadas e por tanto con falta de seguridade, tanto no que respecta aos trazados de canalizacións (cada operador foi realizando as súas

canalizacións sen seguir ningún tipo de directriz nin criterio establecido e suplementando sobre os anteriores) como ao que respecta ás alimentación eléctricas dos equipos dos devanditos operadores.

Debido a esta circunstancia, se considera necesario incluír todas as canalizacións principais tanto de electricidade como de comunicacións, o que permitirá que todas as liñas tanto de forza como de comunicacións discorran por un único trazado coa mellora da operatividade e do mantemento futuro que esto supón. Para unha mellor adaptación á normativa vixente, decídense desdobrar os cadros previstos para establecer sistemas independentes de consumidores que deben dispoñer de subministración de emerxencia conectado a Rede-Grupo (basicamente iluminación) e os consumidores restantes conectados só a Rede. Isto implica un novo redeseño de toda a rede de distribución eléctrica prevista, que realizado conforme ao REBT. Unha vez decididos os trazados das canalizacións (ás que se suxeitarán as luminarias) e establecidos as cores para empregar nos diferentes cerramentos, foi necesario recalcular e adaptar a instalación de iluminación, o cal permitirá que se poidan obter os niveis lumínicos regulamentarios nos pasillos interiores da edificación.

O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c).2 das Follas de Especificación do Contrato (FEC): *“Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.”*, xa que trala fase de recoñecemento exhaustivo apareceron redes irregulares condicións de distribución e seguridade, que demanda a necesidade da súa substitución e regularización e polo tanto incluír novas unidades de obra non previstas no proxecto para a súa ordenación. Neste sentido se plantexan, como se recolle no artigo 15.b) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: *“as unidades relacionadas co acondicionamento xeral, cubertas e fachadas da grada de Río”*.

#### 7) MELLORA DA SEGURIDADE NA PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS E RAIOS DA PROPIA GRADA E AS CONTIGUAS DE MARCADOR E GOL.

O proxecto orixinal non recolle sistema de pararraios para a actuación en execución, cuxo deseño é necesario, sendo recomendable aproveitar para dimensionar este para que permita protexer a grada de Río e parte das actuais gradas de Gol e Marcador. Así mesmo o proxecto non recolle sistema de bocas de incendios equipadas (BIEs) e un grupo de presión e aljibes para o abastecemento ao devandito sistema. Esta última especificación técnica non é de obrigado cumprimento na actual edificación, pero si que se considera moi recomendable para dotar á edificación actual dunha maior seguridade fronte ao risco de incendios, tratando esta como se fora unha nova edificación a estes efectos.

O grupo de presión e aljibes previstos, deseñaranse de forma que permitan alimentar ás BIEs que se instalen nas bancadas de Gol e Marcador nas futuras reformas que se efectúen e non previstas inicialmente nas consideracións de deseño do proxecto da grada de Río, de modo que non sexa necesario no futuro a execución ou reforma de elementos da grada de Río, cando se executen as outras gradas.

O deseño da instalación realizouse conforme ao DB-SE3 do Código Técnico da Edificación e ao Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios.

As modificacións propostas neste ámbito teñen a súa xustificación na inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse coa actuación debido a omisión nas especificacións técnicas do sistema de pararraios proposto e a omisión de especificacións técnicas de maior seguridade no relativo o sistema contra incendios que protexan as gradas contigua, contemplados no apartado a) do artigo 107 do TRLCSP, e queda tecnicamente explicado que se limita a introducción das variacións estritamente indispensables para responder as causas obxetivas que as fan necesarias dende o punta de vista da seguridade dos usuarios das instalacións ante inclemencias meteorolóxicas adversas ou incendios.

En calquera dos casos a actual proposta de modificación enténdese xustificada xa que a mesma, de maneira global responde a unha actuación de interese público en relación a dita actuación, e por outro lado, debemos indicar que esta proposta de modificación non altera as condicións esenciais do contrato, de acordo co estipulado no artigo 107.3 do TRLCSP.

#### 8) MODIFICACIÓNS DAS CONDICIÓNS DE VISIBILIDADE DA FILA SETE DA GRADA DE RÍO ALTO.

O adxudicatario da obra ofertou dentro da fase de licitación da obra como mellora a *colocación de novos asentos na Grada de Río Alto*. Trala execución da unidade da citada mellora contractual cumprindo as especificacións do prego e do contrato, as condicións de visibilidade dos espectadores da fila contigua superior ao pasillo central da Grada de Río, viron empeoradas as condicións de visibilidade do terreo de xogo, ao modificar o asento a altura libre da huella deste e polo tanto o ángulo de visión do terreo de xogo vese agora entorpecido polo elemento de protección actual.

Debido a esta circunstancia, e como puxeron de manifesto os espectadores da citada fila nos primeiros partidos trala execución da unidade de mellora, e para que se poida cumprir a normativa vixente de altura mínima de contención e así mesmo se poida visualizar o terreo de xogo a través do citado sistema de contención, se considera necesario modificar a unidade de barandilla de separación do pasillo central, para incluír o tramo superior de esta de vidro.

O desenvolvemento desta proposta técnica, se enmarca nas circunstancias recollidas no artigo 15.c).3 das Follas de Especificación do Contrato (FEC): *“Necesidades de adaptación ao entorno e ao resto de gradas, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto”*, xa que trala aprobación do proxecto, debido a modificación das condicións dos asentos da grada, non recollidos no proxecto constructivo, para manter o cumprimento da normativa vixente de elementos de contención e ademais manter as novas condicións de visibilidade necesaria trala citada modificación dos asentos, será necesario incorporar nova unidade non incluída no proxecto. Neste sentido se plantexan, como se recolle no artigo 15.b) das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas, como aspectos a modificar: *“as unidades relacionadas co acondicionamento xeral, cubertas e fachadas da grada de Río”*.

### **III- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS.**

O artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, indica: *“1. Sólo podrán introducirse variaciones sin previa aprobación cuando consistan en la alteración en el número de unidades realmente ejecutadas sobre las previstas en las mediciones del proyecto, siempre que no representen un incremento del gasto superior al 10 por 100 del precio primitivo del contrato, Impuesto sobre el Valor Añadido excluido.*

*2.- Las variaciones mencionadas en el apartado anterior, respetando en todo caso el límite previsto en el mismo, se irán incorporando a las relaciones valoradas mensuales y deberán ser recogidas y abonadas en las certificaciones mensuales, conforme a lo prescrito en el artículo 145 de la Ley, o con cargo al crédito adicional del 10 por 100 a que alude la disposición adicional decimocuarta de la Ley, en la certificación final a que se refiere el artículo 147.1 de la Ley, una vez cumplidos los trámites señalados en el artículo 166 de este Reglamento. No obstante, cuando con posterioridad a las mismas **hubiere necesidad de introducir en el proyecto modificaciones de las previstas en el artículo 146 de la Ley, habrán de ser recogidas tales variaciones en la propuesta a elaborar, sin necesidad de esperar para hacerlo a la certificación final citada.**”*

En cumprimento do citado artigo, recollense as variacións das unidades do proxecto propostas neste ámbito, exclusivamente incluíndo a alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións de proxecto de unidades do subcapítulo 3.4. “Aseos grada de Río” das unidades referentes a inodoros, lavabos, urinarios e elementos asociados a estes: encimera fenólica, barra de apoio discapitados, cabina e dosificador e dispensador de xabón e rolo.

Estas variacións son de pequeno alcance, 79.389,23 euros, superando escasamente a alteración do 1,6%. Se non fora necesario a redacción do documento modificado para aprobar as outras modificacións que si o obrigan, estas variacións terían encaixe na futura liquidación da obra, sen necesidade de aprobación previa destas como se recolle no apartado 3 do artigo 234 do TRLCSP. En canto ao resto de variacións de medicións respecto ao proxecto orixinal, se deben as circunstancias descritas no apartado anterior, e que se detallan por capítulos no seguinte apartado.



#### **IV- DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**

Nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas por capítulos establecidos no orzamento do proxecto:

##### **CAPITULO 1. CUBERTAS GRADA DE RÍO**

###### **SUBCAPÍTULO 1.1. TRABALLOS PREVIOS.**

Non se prevé ningunha alteración.

###### **SUBCAPÍTULO 1.2. CUBERTA GRADA DE RÍO.**

Como consecuencia dos ensaios realizados que confirmaron que as cargas reais son superiores ás indicadas na normativa, reanalizouse tanto a estrutura de cuberta como o reforzo estrutural do pórtico, como se recolle nos correspondentes anexos do modificado nº1, chegando a conclusión de que se mantén o dimensionamento similar ao do proxecto orixinal para a unidade de malla espacial e se conclúe a eliminación das unidades de peto dianteiro da cuberta incluídas no proxecto orixinal e o axuste de medición da baixante coa modificación da unidade de estrutura de fachada do capítulo 2.

En canto ao reforzo, tralo recálculo, faise necesario unha unidade nova de reforzo de estrutura consistente en pletinas metálicas exteriores, conectadas a estrutura existente con pasadores perpendiculares ao plano do pórtico con apoio fixo no pilar exterior nos catro pórticos centrais e un apoio deslizante nos demais pórticos. No pilar interior, en todos os pórticos o apoio é deslizante mediante biela que transmite solo esforzos axiais. Indícase a continuación a nova unidade:

PC.01.02.11	ud	Refuerzo estructural pórtico	22,0000	11.830,01	260.260,22
-------------	----	------------------------------	---------	-----------	------------

Esta unidade substitúe ás tres unidades do proxecto orixinal relativas ao reforzo de pórticos.

Tendo en conta a nova unidade, as que substitúe, a eliminación do peto accesorio e o axuste das medicións, o balance deste capítulo xustificado según o artigo 107 do TRLCSP é de -91.172,95 €.

###### **SUBCAPÍTULO 1.3. CUBERTA PABELLÓN**

Se reduce a actuación do subcapítulo ao non ser necesario o reforzo estrutural da cuberta do pabellón, despois do análise detallada do estado da estrutura existente durante o saneo desta., como se informa no anexo "Xustificación técnica da cuberta do pabellón" recollido no presente modificado nº1 e firmado pola asistencia técnica a dirección facultativa contratada polo Concello de Vigo para a execución da presente obra.

Esta eliminación da unidade supón unha variación xustificada según o artigo 15 das FEC de -30.509,20 €.

##### **CAPITULO 2. FACHADA GRADA DE RÍO**

Con posteridade a aprobación do presente proxecto de reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaidos, aprobouse o modificado nº 1 da obra da grada de Tribuna do mesmo Estadio, que modificou as condicións do remate da fachada desa grada no encontro coa beirarrúa. Inclúese a seguinte nova unidade para manter o criterio empregado para a grada de Tribuna na grada de Río actualmente en execución:

PC.02.04	m2	Estructura metálica y FT de composite en accesos a grada	120,0000	210,02	25.202,40
----------	----	--	----------	--------	-----------

Tendo en conta ademais o axuste da medición da unidade de peche lateral para unificar criterios coa obra de Tribuna, o balance deste capítulo xustificado según o artigo 15 das FEC é de -14.177,20 euros.

Como consecuencia dos ensaios realizados que confirmaron que as cargas reais son superiores ás indicadas na normativa, reanalizouse tamén a sub-estrutura de fachada, como se recolle no correspondente anexo do modificado nº1, chegando a necesidade da modificación do esquema estrutural da sub-estrutura mediante pórticos metálicos conformados por perfís laminados, fixados mecánicamente a estrutura de formigón dos 22 pórticos existentes, ademais da construción de 21 pórticos intermedios fixados a estrutura existente, co obxecto de reducir as luces de apoio das correas metálicas soporte da chapa de cuberta a instalar. Recollese a nova unidade que substitúe a do proxecto orixinal:

PC.02.05	m2	Estructura de soporte de fachada: cerchas, vigas y correas	6.175,0000	68,13	420.702,75
----------	----	--	------------	-------	------------

Tendo en conta esta nova unidade e a substitución da unidade do proxecto orixinal o balance deste capítulo xustificado según o artigo 107 do TRLCSP é de 78.594,80 euros.

### **CAPITULO 3. ACONDICIONAMENTO XERAL.**

#### **SUBCAPÍTULO 3.1. RECORRIDOS EVACUACIÓN**

Trala execución da unidade da mellora contractual de renovación de asentos de Río Alto, cumprindo as especificacións do prego e do contrato, as condicións de visibilidade dos espectadores da fila contigua superior ao pasillo central da Grada de Río, viron empeoradas as condicións de visibilidade do terreo de xogo, ao modificar o asento a altura libre da huella deste. Debido a esta circunstancia, e como puxeron de manifesto os espectadores da citada fila nos primeiros partidos trala execución da unidade de mellora, e para que se poida cumprir a normativa vixente de altura mínima de contención e así mesmo se poida visualizar o terreo de xogo a través do citado sistema de contención, introdúcese a unidade de barandilla de vidro en pasillo central:

PC.03.01.19	ml	Barandilla de vidrio en pasillo de grada	150,2200	200,03	30.048,51
-------------	----	--	----------	--------	-----------

Así meso trala ubicación da grúa de alta tonelaxe que levanta os módulos de cuberta do graderío, é necesario introducir unha nova unidade de pavimento de formigón, para adaptación ao entorno no referente ao esquema funcional da evacuación posto de manifesto tralo comezo da obra, de modo que se poida facilitar o acceso e evacuación de usuarios do Estadio con seguridade, e se axustan as medicións das unidades de barandillas, portas e peches de tramex por esta mesma motivación de adaptación ao esquema funcional de evacuación posto de manifesto tralo comezo da obra. Inclúese a nova unidade:

PC.03.01.18	m2	Pavimento de hormigón armado de 10cm	3.500,0000	15,14	52.990,00
-------------	----	--------------------------------------	------------	-------	-----------

Tendo en conta estas dúas novas unidades, e o axuste da medición das unidades de barandillas, portas e peches de tramex, o balance deste capítulo xustificado según o artigo 15 das FEC é de -211.236,93 euros.

#### **SUBCAPÍTULO 3.2. MELLORA INSTALACIÓN ELÉCTRICA E ALUMEADO**

Ao desmontar a cuberta existente e revisar en profundidade as instalacións existentes cos diversos operadores implantados no estadio, detectan estes que as instalacións de comunicacións existente resulta caótica, algunhas obsoletas, outras sen servizo ou sen proteccións adecuadas e por tanto con falta de seguridade, tanto no que respecta aos trazados de canalizacións (cada operador foi realizando as súas canalizacións sen seguir ningún tipo de directriz nin criterio establecido e suplementando sobre os anteriores) como ao que respecta ás alimentación eléctricas dos equipos dos devanditos operadores.

Debido a esta circunstancia, se inclúen todas as canalizacións principais tanto de electricidade como de comunicacións, o que permitirá que todas as liñas tanto de forza como de comunicacións discorran por un único trazado coa mellora da operatividade e do mantemento futuro que esto supón. Para unha mellor adaptación á normativa vixente, decídense desdobrar os cadros previstos para establecer sistemas independentes de consumidores que deben dispoñer de subministración de emerxencia conectado a Rede-Grupo (basicamente iluminación) e os consumidores restantes conectados só a Rede. Isto implica un novo redeseño de toda a rede de distribución eléctrica prevista, que realizouse conforme ao REBT. Unha vez decididos os trazados das canalizacións (ás que se suxeitarán as luminarias) e establecidos as cores para empregar nos diferentes cerramentos, foi necesario adaptar a instalación de iluminación, o cal permite que se poidan obter os niveis lumínicos regulamentarios nos pasillos interiores da edificación. Por todo isto é necesario incluír novas unidades de obra non previstas en proxecto para a ordenación e adecuación das redes a esta. Neste sentido surden 44 unidades novas, entre luminarias, tubos, cadros eléctricos e contadores principalmente, como se recolle no capítulo 3.2 do orzamento do proxecto modificado nº1.

Tendo en conta estas novas unidades, a eliminación de algunhas as que substitúen e o axuste de medicións doutras, o balance deste capítulo xustificado según o artigo 15 das FEC é de 229.441,08 euros.

### **SUBCAPÍTULO 3.3. REPARACIÓN.**

Non se prevé ningunha alteración.

### **SUBCAPÍTULO 3.4. ASEOS GRADA DE RÍO**

Ao comezar a demolición e quedar ao descuberto certas redes e revisar en profundidade a instalación existente, observouse que as tubaxes xerais (baixantes) tanto de augas residuais como augas pluviais atópanse en mal estado, co material cristalizado, debido a que son tubaxes bastante antigas (a maioría de máis de 30 anos de antigüidade) coa súa vida útil practicamente esgotada o cal non se puido comprobar na fase de redacción ao encontrarse estas parcialmente ocultas e revestidas. Así mesmo se detecta que existen tramos de tubaxes xerais en aceiro negro, que se atopan en mal estado e poderían ocasionar avarías ou fugas a curto prazo, co consecuente risco de deterioración dos diferentes elementos da edificación, o que non se puido comprobar na fase de redacción ao encontrarse estas parcialmente embutidas nos forxados e estrutura existente.

Por iso, se considera necesario proceder ao seu substitución, realizando o seu dimensionamento conforme á normativa vixente (DB-HS4 e DB-HS5 do Código Técnico da Edificación), según se recolle no anexo de instalacións do presente modificado nº1.

Neste sentido surden 36 unidades novas, entre tuberías de PVC de diferentes diámetros, tuberías de polipropileno de diversos diámetros e valvulería principalmente, como se recolle no capítulo 3.4 do orzamento do proxecto modificado nº1.

Tendo en conta estas novas unidades, a eliminación de algunhas as que substitúen e o axuste de medicións doutras, o balance deste capítulo xustificado según o artigo 15 das FEC é de 174.732,51 euros.

## **CAPITULO 4. SEGURIDADE E SAÚDE**

Preveese alteración unicamente nas medicións a alza das unidades recollidas no proxecto orixinal, dentro do anexo correspondente, debido ao aumento das actuacións eléctricas, fontanería, saneamento principalmente, xustificadas según o artigo 15 das FEC, sendo o balance deste capítulo de 29.900 euros.

## **CAPITULO 5. XESTIÓN DE RESIDUOS.**

Non se prevé ningunha alteración.

## CAPÍTULO 6. IMPREVISTOS.

Non se prevé ningunha alteración.

## CAPITULO 7. PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS E RAIOS

Para dotar á edificación dunha maior seguridade fronte ao risco de incendios e raios, proxectase a realización dun sistema de bocas de incendio equipadas (BIEs) e un grupo de presión e aljibes para o abastecemento ao devandito sistema e un sistema de pararraios non recollidos en proxecto.

O grupo de presión e aljibes previstos, deseñaronse de forma que permitan alimentar ás BIEs que se instalen nas bancadas de Gol e Marcador nas futuras reformas que se efectúen e non previstas inicialmente nas consideracións de deseño do proxecto da grada de Río, de modo que non sexa necesario no futuro a execución ou reforma de elementos da grada de Río, cando se executen as outras gradas.

O deseño da instalación realizouse conforme ao DB-SE3 do Código Técnico da Edificación e ao Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios.

Neste mesmo sentido, de adecuación do proxecto a especificacións técnicas de maior seguridade, se proxecta un sistema de pararraios de forma que permite protexer a grada de Río e parte das actuais gradas de Gol e Marcador. As unidades novas son:

PC.03.01.17	m2	Puerta abatible RF-60	3,4400	192,67	662,78
PC.07.01	Ud	Acometida para red de extinción DN65-2 1/2" en armario	1,0000	1.343,67	1.343,67
PC.07.02	Ud	Contador DN65-2 1/2" en armario	1,0000	1.049,96	1.049,96
PC.07.03	Ud	B.I.E. 25mmx20 m. armario antivandálico	15,0000	684,66	10.269,90
PC.07.04	Ud	Extintor polvo abc 6 kg ef 21a-113b	50,0000	76,48	3.824,00
PC.07.05	Ud	Extintor de nieve carbónica co2 con eficacia 34b para extinc	5,0000	166,01	830,05
PC.07.06	Ud	Armario metal. extintor 6/12 kg. antivandálico	55,0000	78,04	4.292,20
PC.07.07	Ud	Señal luminiscente extinción incendios	70,0000	17,19	1.203,30
PC.07.08	Ud	Deposito 3000 litros aqua block	4,0000	2.451,98	9.807,92
PC.07.09	Ud	Control de llenado de aljibe	1,0000	847,85	847,85
PC.07.10	MI	Red aérea de distribución de agua para abast. de 1 1/2" ranurada	60,0000	42,43	2.545,80
PC.07.11	MI	Red aérea de distribución de agua para abast. de 2 1/2" ranurada	120,0000	52,18	6.261,60
PC.07.12	MI	Red aérea de distribución de agua para abast. de 3" ranurada	130,0000	71,73	9.324,90
PC.07.13	Ud	Gru.Presion 12m3/h 70mca (elec+jockey)	1,0000	10.352,71	10.352,71
PC.07.14	ud	Instalación de protección contra el rayo	1,0000	10.347,77	10.347,77

Tendo en conta estas novas unidades o balance deste capítulo xustificado según o artigo 107 do TRLCSP é de 72.964,41 euros.

## V- CONCLUSIÓN.

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 1 das obras de "Reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos", estímase que **non supoñen alteracións dos fins e características** básicas do proxecto inicial e que **son de interese público** e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15 das FEC e aquelas non contempladas neste apartado se axustan o artigo 107 a) e b) do TRLCSP. Ademais do anterior, tendo en conta o artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, o presente modificado nº1, recolle as variacións das unidades executadas en relación os criterios definidos no artigo 234.3 do TRLCSP, tal como se define no presente informe. Así mesmo considérase que o modificado non suma prestacións comple-

mentarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de "Reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaídos".

As modificacións incluídas no proxecto modificado non teñen incidencia sobre as melloras ofertadas polo contratista na fase de licitación.

Para a creación dos prezos contradictorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomaronse os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusulo 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.

As modificacións e variacións de medicións propostas neste expediente, en base a todo o exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser un incremento PEM de 317.925,75 euros que supón un incremento adicional líquido de 373.510,93 € tal e como se resume nas *Táboas seguintes*:

CAPÍTULO	RESUMEN	ImpPresIni	ImpPresMod	DifImp	%
C01	CUBIERTAS GRADA RIO	2.113.030,41	1.991.348,26	-121.682,15	
C02	FACHADA GRADA RIO	1.212.272,30	1.276.689,90	64.417,60	
C03	ACONDICIONAMIENTO GENERAL	1.214.898,30	1.487.224,19	272.325,89	
C04	SEGURIDAD Y SALUD	65.000,00	94.900,00	29.900,00	
C05	GESTIÓN DE RESIDUOS	1.579,71	1.579,71	0,00	
C06	IMPREVISTOS	100.000,00	100.000,00	0,00	
C07	PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS Y RAYOS	0,00	72.964,41	72.964,41	
	<b>PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL</b>	<b>4.706.780,72</b>	<b>5.024.706,47</b>	<b>317.925,75</b>	
	13,00% Gastos Generales	611.881,49	653.211,84	41.330,35	
	6,00% Beneficio Industrial	282.406,84	301.482,39	19.075,55	
	<b>SUMA PARCIAL</b>	<b>5.601.069,05</b>	<b>5.979.400,70</b>	<b>378.331,65</b>	
	18,408433118674000% Baja de Adjudicación	-1.031.069,05	-1.100.713,98	-69.644,93	
	<b>SUMA</b>	<b>4.570.000,00</b>	<b>4.878.686,72</b>	<b>308.686,72</b>	
	21,00% I.V.A.	959.700,00	1.024.524,21	64.824,21	
	<b>PRESUPUESTO DE ADJUDICACIÓN POR CONTRATA</b>	<b>5.529.700,00</b>	<b>5.903.210,93</b>	<b>373.510,93</b>	<b>6,755%</b>

		DIFERENCIA TOTAL	MODIFICACIONES XUSTIFICADAS SEGUN ART. 15 DAS FEC	MODIFICACIONES XUSTIFICADAS SEGUN ART. 107 TRLCSP	VARIACION DE MEDICION SEGUN ART. 234.3 TRLCSP
<b>C01</b>	<b>CUBIERTAS GRADA RÍO</b>	<b>-121.682,15 €</b>			
01.01	TRABAJOS PREVIOS	0,00 €			
01.02	CUBIERTA GRADERÍO	-91.172,95 €		-91.172,95 €	
01.03	CUBIERTA PABELLÓN	-30.509,20 €	-30.509,20 €		
<b>C02</b>	<b>FACHADA GRADA RÍO</b>	<b>64.417,60 €</b>	<b>-14.177,20 €</b>	<b>78.594,80 €</b>	
<b>C03</b>	<b>ACONDICIONAMIENTO GENERAL</b>	<b>272.325,89 €</b>	<b>192.936,66 €</b>		<b>79.389,23 €</b>
03.01	RECORRIDOS EVACUACIÓN	-211.236,93 €	-211.236,93 €		
03.02	MEJORA INSTALACIÓN ELÉCTRICA Y ALUMBRADO	229.441,08 €	229.441,08 €		
03.03	REPARACIONES	0,00 €			
03.04	ASEOS GRADA RÍO	254.121,74 €	174.732,51 €		79.389,23 €
<b>C04</b>	<b>SEGURIDAD Y SALUD</b>	<b>29.900,00 €</b>	<b>29.900,00 €</b>		
<b>C05</b>	<b>GESTIÓN DE RESIDUOS</b>	<b>0,00 €</b>			
<b>C06</b>	<b>IMPREVISTOS</b>	<b>0,00 €</b>			
<b>C07</b>	<b>PROTECCIÓN CONTRAINCENDIOS</b>	<b>72.964,41 €</b>		<b>72.964,41 €</b>	
	<b>TOTAL EM</b>	<b>317.925,75 €</b>	<b>178.150,26 €</b>	<b>60.386,26 €</b>	<b>79.389,23 €</b>
	%	<b>6,75 %</b>	<b>3,78 %</b>	<b>1,28 %</b>	<b>1,69 %</b>

En relación as unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificación contempladas no apartado 15 das FEC, indicase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 15d das FEC, *Límites da modificación*, sinala que a cuantía máxima da modificación non superará o 10% sobre o prezo do contrato.

Así mesmo, según as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade ao proxecto, e debido as adaptacións a especificacións de seguridade deste, modificáronse as medicións dalgunhas unidades e incorporáronse novas unidades de obra que non altera as condicións esenciais e cuantitativamente non igualan nin exceden, en máis ou en menos ao 10% do prezo de adxudicación do contrato polo que se da cumprimento ao artigo 107 do TRLCSP.

Ademáis, tendo en conta o artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, recollense no presente modificado as lixeiras variacións das medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal que non igualan nin exceden, en máis ou en menos ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que se da cumprimento ao artigo 234.3 do TRLCSP."

8º.- Pola Enxeñeira Industrial municipal emítese informe de supervisión do proxecto de data 16.10.2017 que consta no expediente, do que procede transcribir o que segue:

"O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS e o Enxeñeiro da Edificación, D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ, directores das obras "REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS", redacta o proxecto modificado nº 1, con importe adicional líquido de 373.510,93 €.

No informe da dirección facultativa respecto ao modificado se indica que: *“As modificacións propostas neste ámbito teñen a súa xustificación na necesidade de adecuación do proxecto a especificacións técnicas de maior seguridade e que protexan as gradas contigua (...) As modificacións propostas neste ámbito teñen a súa xustificación na necesidade de axustarse as circunstancias medioambientais postas de manifesto con posterioridade a aprobación do proxecto, e non previsibles aplicando toda a dilixencia requerida de acordo a boa práctica profesional na redacción das especificacións técnicas, que afectan a seguridade da cubrición da grada e da fachada, cuestións axeitadas aos apartados a) e b) do artigo 107 do TRLCSP respectivamente”*. Vista a xustificación exposta no informe para estes aspectos que deben ser modificados non previstos no PCAP, que presenta a dirección facultativa e o propio documento proxecto modificado nº 1, infórmase que se considera que estas circunstancias non enervan a dilixencia coa que o proxecto foi redactado, sendo circunstancias non previsibles na fase de redacción do proxecto e adecuacións respecto a especificacións técnicas de seguridade convenientes para satisfacer as necesidades que pretende o proxecto orixinal.

O proxecto modificado contempla novos prezos contradictorios, que se consideran adecuados, xa que para a súa definición, como se recolle no informe da dirección facultativa municipal respecto ao modificado: *tomaronse os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusulo 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.*

*Noutro orde de cousas, a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo.”*

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

I.- **Posibilidade de Modificación.**- O artigo 210 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCS) establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de intepretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O artigo 105 do TRLCS contempla que os contratos do sector público sóo poderán modificarse cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCS.

O TRLCS prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 106 e 107) do TRLCS. No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rixe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación.

II.- En relación coa posibilidade do artigo 106 TRLCS, para o caso que nos ocupa o **Prego de Cláusulas Administrativas do contrato**, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de outubro de 2016 no apartado 15 das FEC establece a posibilidade de modificación do contrato en determinadas circunstancias contempladas no mesmo.

Os aspectos a modificar son: as unidades de obra relacionadas co acondicionamento xeral, cubertas e fachadas da grada de Río

As circunstancia que determinan a modificación son:

- ✓ A redución da seguridade na execución das unidades referentes á cubertas e fachada por aparición das chamadas patoloxías ocultas na estrutura de formigón (por exemplo coqueras ou danos en apoios) non detectadas nos mostreos da fase de redacción de proxecto.
- ✓ Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.
- ✓ Necesidades de adaptación ao entorno e ao resto de gradas, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

As modificacións non poderán superar o 10% do prezo do contrato.

III.- O artigo 107 do TRLCS contempla as modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación. No mesmo establécese que as modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación só poderán efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia de algunha das circunstancias previstas no mesmo.

A modificación do contrato acordada conforme ao previsto neste artigo non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación e deberá limitarse a interducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

No artigo 107.3 establécese unha serie de casos nos que se entenderá que se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, entre as que se atopa que as



modificacións do contrato polas causas establecidas no artigo 107 do TRLCS igualem ou excedan en máis ou en menos, o 10% do prezo de adxudicación do contrato.

IV.- **Procedemento.**- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 108 do TRLCS, figurando no artigo 234 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 108 , 211 e 234.b do TRLCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigo 211.2 do TRLCSP) e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP)
3. Informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 % do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 211.3.b TRLCS)

Os requisitos específicos para os contratos de obras do artigo 234 do TRLCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado ou executatalas directamente.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:
  - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
  - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
  - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, e dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recabarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 125 do TRLCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 e 234.1 do TRLCSP). Remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 29.1 do TRLCSP).

IV.- **Cumprimento de requisitos normativos.**- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interés público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 105, 106 e 107 TRLCSP así como do apartado 15 FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 10.08.2017.

3º.- Os redactores do proxecto orixinal son Enxeñeiros municipais, que coinciden cos redactores do proxecto modificado.

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Enxeñeira industrial municipal de data 01.09.2017. No mesmo se informa que: “ O proxecto modificado contempla novos prezos contradictorios, que se consideran adecuados, xa que para a súa definición, como se recolle no informe da dirección facultativa municipal respecto ao modificado: *tomaronse os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusulo 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado*”, así como “a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 234.3 do TRLCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia por non exceder a cuantía da modificación do 10% do precio primitivo do contrato.

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 106 do TRLCSP respeta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas e as modificacións non sustanciais, realizadas ao abeiro do artigo 107 TRLCSP, non alteran as condicións esenciais da licitación e da adxudicación, por canto, tal e como resulta dos informe técnicos que figuran no expediente, as inadecuacións do proxecto que as xustifican puxéronse de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato; proxecto en cuxa elaboración observouse a dilixencia requerida de acordo coa boa práctica profesional; e,

doutra, porque de conformidade co informe 73/2011 de 01.03.2012 da JCCAE cando a calificación de esencial dunha modificación se realice en función das variacións que poida experimentar o prezo do contrato, a porcentaxe do 10% que aparece no artigo 107.3.d debe entenderse sempre superado para merecer tal carácter; pero tal consideración non implica que as modificacións que sea atopen por baixo dese 10% sexan sempre calificadas como non esenciais, sendo así que, segundo resulta dos informes técnicos que figuran no expediente, as modificacións que se propoñen non incorporan prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, nin amplían o obxecto do contrato, nin cumpren finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, nin incorporan unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente, polo que considérase que non alteran as condicións esenciais da licitación e da adxudicación.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 99.3 do TRLCS)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

VI.- **Competencia.**- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS, redactado polo enxeñeiro de camiños canais e portos municipais D. Jerónimo Centrón Castaños e o Enxeñeiro da Edificación D. Aurelio Adán Fernández, con un importe adicional, aplicada a baixa ofertada, de 259.400,60€ € PEM, o que supón un incremento adicional líquido de 373.510,93€, supoñendo un 5,06% de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas no art. 15 das FEC e 107 do TRLCS e un 1,69% por variacións de medicións ( A.234.3 TRLCS)

2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 9330.632.00.10 do orzamento municipal, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez